

A lume manso * / Pepe Barro

Boa tarde. Obrigado pola vosa presenza neste acto de apertura da exposición *A cociña de Barro, os cadernos de deseño* con ese cartaz que recolle a imaxe da letra B dunha empanada, que neste caso nin é bacallau, nin é bonito, que é de Barro.

Amigos, coñecidos, tamén vexo por aquí algún cliente e mesmo varios colegas e socios da DAG, obrigado a todos por virdes. Todos formamos parte da zarangallada desta empanada, que se elaborou a lume manso durante cincuenta anos. Decía Álvaro Cunqueiro que «un viño é tamén unha terra, o son dun campanario ao lonxe, unha festa, a fala da xente que vendima e as súas cancións, os viños forman parte da expresión cultural dun país». A empanada de Barro está rechéa tamén de todas as vosas voces, do cariño, as suxestións, as críticas, a fala e todas as vosas cancións. E sí, gustaríame dicir, que o deseño forma parte tamén da expresión cultural dun país. O meu traballo, cando menos, procura esa razón.

Pero o certo é que esta empanada aínda segue cocendo no forno. Porque eu teño que traballar para vivir. Podería xubilarme xa, de autónomo raso, podería apañarme porque non teño moitas necesidades. Pero non, eu teño que traballar para vivir, porque gozo co traballo que fago. Esta é a cenoura do coello para chegar a fin de mes. A profesión é xa unha paixón.

E velaquí esta exposición onde quixen mostrar a 'cociña', os cadernos de traballo, os lugares onde abrollan as ideas e se desenvolven e se cocen, antes de pasar polo computador, ou, anos atrás, antes de pasar á montaxe dos 'orixinais' para impesión.

Eu teño cadernos desde hai trinta anos, antes traballei en papeis soltos e as máis das veces non se conservan ou están empaquetados en caixas no albó familiar. Pero menos mal, digo para min, porque se chego a ter máis cadernos precisaríamos expoñer na Cidade da Cultura, poño por caso, e teño para min que David Barro, o director da Fundación DIDAC, aínda non manda tanto. Aínda.

Por certo debo aclarar que David e máis eu non somos parentes, aínda que é ben curioso que dous Barro cadren armando a mesma festa, pero non. Mesmo así, cousas da vida, de quen si veño sendo parente é de Conchi Mayo, a presidenta da Fundación DIDAC. O seu bisavó e a miña bisavoa eran irmáns. Quero crer que nin o Barro que me une ao seu director, nin o parentesco coa súa presidenta, teñan

* Texto lido o 28 de setembro de 2023 na inauguración da exposición *A Cociña de Barro*

influído no convite de DIDAC para realizar esta exposición. Espero estar á altura das súas expectativas nesta sala, que eles conformaron coma un *scriptorium* monástico. Na biblioteca do mosteiro de Alcobaça, onde está soterrada a miña querida Inés de Castro, os freires tiñan por lema: «un mosteiro sen libros é coma un castelo sen armas». Síntome honrado neste espazo. Conchi, David, obrigado polo voso coidado.

Pero mostrar os cadernos persoais é coma espirse, fíxenos para min, para pensar, para reflexionar, tamén como axenda informal, onde lembrar as listaxes da campra, apuntamentos diversos, nos que se cadra hai tamén valoracións económicas, ou opinións... pero non censurei nada. E o bo desta montaxe é que os cadernos pódense follear, pódese seguir neles o proceso de creación páxina a páxina, velaí o tempo apreixado entre as follas de papel. Pero non creades que non teño vergoña. Botar un ollo nos cadernos é decatarse que non todo o anotado, trazado, riscado ou escrito é brillante nin relevante, pero é tal coma se viviu: acharedes algo de interese entre moitas parvadas, pero as parvadas e as brincadeiras forman parte tamén do pensamento gráfico.

E ollando as páxinas bateredes ás veces con trazados que se repiten teimudamente unha e outra vez, ás veces con variacións mínimas. Un debuxa perdendo coidado, deixándose ir, velaí a condición para que, se cadra, xurda a chispa e se manifieste o espontáneo. Porque no proceso de deseño, como quere o arquitecto Manolo Gallego: «o único método é a teima».

E se reparades de vagar nalgúns cadernos veredes que hai temas que xa están neles anos antes de que saian á luz. Temas que quedaron arrombados, varados, agardando o seu lugar. Son ideas desbotadas, rexeitadas cando un tenta buscar algo novo e, como Chillida cos artistas, podémonos preguntar: «Non será o paso decisivo para un [deseñador] estar con frecuencia desorientado?». O que nos está a dicir Chillida é que o estado de non saber, de estar perdido, é a condición esencial do que debe pensar e buscar algo novo, esa é a nosa actividade cotiá como profesionais do deseño.

Porque non todo é completamente novo. Non se pode reinventar o mundo con cada traballo. Pero debemos intentalo. Mesmo que os nosos clientes non o saiban, iso é o que están a demandar de nós. Reinventar o mundo, pero non tanto, porque ao repasar os cadernos vexo que na maioría das encomendas que tento resolver hai sempre algo novo, algo vello e algo prestado, coma nese costume norteamericano que aconsella como ir vestido para casar:

Sempre hai algo prestado. Quizais nin nos decatamos, pero iso está no que aprendemos analizando o traballo dun gran mestre. Non hai que rexeitar o que

se ama, a influencia axuda a medrar intelectualmente, pero ollo, no noso traballo debe haber máis cousas.

Algo vello. Algo que aprendemos nun traballo anterior, algo que descubrimos experimentando, xogando —o xogo é aprendizaxe—, algo do que nos sentimos satisfeitos e que encaixa no traballo que temos entre mans. Pero ollo, non estou a falar de darlle ao veo, debemos manter alerta a nosa capacidade de autocrítica e non repetirnos.

Algo novo. Velaí o que deita nova vida a ideas vellas ou prestadas, velaí a idea necesaria para que formas vellas ou prestadas aparezan como noviñas do trinque. Esa é a masa que liga todo e non xorde da nada, vén do noso maxín, dese recanto onde reside o noso laboratorio, un lugar permanentemente aberto, traballando, vixiando, adquirindo e procesando novas experiencias. E a chave dese laboratorio, xa vos decatastes, é a procura da excelencia, non hai mellor ferrete.

Pero agora que caio, os estadounidenses recomendan tamén poñer algo azul. Pois eu tamén creo necesario engadir ao meu traballo algo azul. Non é unha cor, é un azul mental, iso que procede da nosa tradición e que está aí na cultura galega para que dialoguemos con ela, pero sempre ollando máis alá, como ensina o poeta Manuel Antonio.

Para rematar, dar os agradecementos aos meus pais, polo vento nas velas.

Aos que foron os meus mestres, especialmente a América Sanchez.

Aos meus socios nalgús periodos da miña carreira profesional: Xosé Díaz e sobre todo a Xosé Salgado e a Lía Santana.

Por suposto, aos moitos clientes que me permitiron traballar con eles e chegar até aquí.

Aos moitos colaboradores que quero resumir nos relacionados dun xeito ou doutro con esta exposición: David Garabal, Tino Viz, Xosé Abad, Sebastián Rodríguez Outeda, Xosé Bocixa, Olivia Fernández Feijóo, Javier Rodríguez García e a Carmen Verdú Barceló, que editou os videos que agora veredes.

Agradecido tamén ás adegas Terra de Asorei e ao seu presidente Roque Durán, cliente e amigo, polo achega do viño albariño co que agora poderemos brindar: Longa vida ao deseño galego!